

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2020.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e seis minutos do día dous de novembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (resolución da alcaldía do vinte e nove de outubro de 2020), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- DACIÓNS DE CONTA.

1.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 13 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/317, referencia catastral 1265701NH5916S, propietaria García Bujía, SL). DOG núm. 217 do 28-10-2020.
- Anuncio do 15 de outubro de 2020, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais-, polo que se lles notifica a varias persoas interesadas a solicitude de declaración de utilidade pública do proxecto sectorial de ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño, situada en Alvedro (Culleredo). DOG núm. 218 do 29-10-2020.
- Orde do 15 de outubro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, para o ano 2020 (código de procedemento TR351B). DOG núm. 219 do 30-10-2020.
- Anuncio do 16 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/317, referencia catastral 1265704NH5916S, propietaria Novo Xeito SL). DOG núm. 219 do 30-10-2020.
- Resolución do 26 de outubro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se dispón avogar a aprobación das bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais

para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade dos concellos e outras entidades locais no ano 2020 e se aproban as ditas bases. BOP núm. 181 do 28-10-2020.

- Resolución do 26 de outubro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-Reactiva). BOP núm. 181 do 28-10-2020.

1.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

1.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
9/10/20	1337	Conceder unha axuda económica.	***2253**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo e agosto de 2020 (400€/mes) e parte do mes de setembro (275€).	1075€
1338	09/10/2020	Conceder unha axuda económica.	***1687**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xuño a agosto de 2020 (338€/mes) e parte do recibo de setembro (61€).	1075€
9/10/2020	1339	Conceder unha axuda económica.	***0304**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro a maio de 2020 (220€/mes) e 195€ de parte do mes de xuño.	1075€
9/10/2021	1341	Conceder unha axuda económica.	***6565**	Pago de alugueiro, correspondente ao pago do alugueiro do ano 2020.	1075,68 €
9/10/2020	1342	Conceder unha axuda económica.	***9213**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril (400€), maio (400€) e parte de xuño (275€).	1075€
9/10/2020	1343	DENEGAR as axuda económica	***9316**	Por exceso do límite de ingresos recollido no	

Código do documento	Código do expediente
USG14I029H	USG/2020/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 4X60 1V36 684M 6N5L 0I8A	

				Regulamento de acceso as prestacións económicas de emerxencia, Art. 5.2.	
9/10/2020	1344	Conceder unha axuda económica.	***0796**	Pago de aluguer, por correspondente aos meses de maio e xuño (400€/mes) e parte de xullo (275€).	1075€

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

C.I.F. P-1503100-H

1.2.2.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do Sr. concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 30 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

**“ DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.**

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno local do día 2 de novembro de 2020 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 6 DE NOVIEMBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Lilá Teatro: *Duncan de palleiro*.

Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña.

Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.“

2.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG14I029H	USG/2020/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4X6O 1V36 684M 6N5L 0I8A	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H